

## ***Manso***

- *A Manuel Lueiro Rei, in memoriam*

Ben sabe a terramar de noso cando era a noite  
pecha para as albas de Fisterra en alalás  
que sempre cantan e pronuncian fulgor do día  
fresco coma o peixe do profundo, noso amigo.

Ben saben, Manuel. E nunca medo sementou  
o teu sorriso para as palabras da memoria  
que agora cumpren anos.

Quero que atendas que aquel teu libro do cabalo  
era o meu primeiro amor que sempre soubo a pan  
de fresco e amargura: “toma e bebe sen pouso  
noite e día nestas follas de papel sen trampa”

E María quixo ler por tantas sete veces  
aquela anguria. E compartimos as horas máxicas  
coma un merlo nos figos.

Xosé Vázquez Pintor  
30 de xaneiro 2009